



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Expediente: 7/2019

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

M^a Olga Iglesias Fontal

VOGAIS:

*Miguel Ángel Cela González
Josefina Pereira de la Riera
Antonio J. López Acuña Herrero*

SECRETARIA:

Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día 2-6-2021, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, reunido e constituído polas persoas que á marxe se relacionan, adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 7/2019 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **BOITIRADO**, no concello de **RIOTORTO**, iniciado por acordo do xurado do 29.10.2019, do que é instrutora Lucía Belver Quiroga, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Na sesión do 29.10.2019 iníciase o expediente 7/2019 para a clasificación do MVMC de **Boitirado** (Riotorto), a instancia de Cristina Nogueira López e tres veciños máis do lugar de Augaxosa.

Na mesma sesión, désígnase a Lucía Belver Quiroga como instrutora do expediente, quen acepta o cargo o 8.11.2019

II.- O día 20.10.2020 solicítase ao Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural unha certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

III.- O día 22.10.2020 o Servizo de Montes emite certificación na que consta que o monte Castelo (ampliación) non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

IV.- Os días 27.10.2020 e 12.11.2020 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade de Mondoñedo**:

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

V.- O día 27.11.2020 ten entrada un certificado da rexistradora da propiedade de Mondoñedo no que indica que as parcelas catastrais obxecto de clasificación non figuran inscritas.

VI.- O día 14.1.2021 notifícaselle ao solicitante o acordo do xurado do 11.1.2021 polo que se amplía o prazo de resolución por un ano máis.

VII.- O día 19.2.2021 comunícaselle a iniciación do expediente ao Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, con indicación do prazo para presentar alegacións.





VIII.- O día 19.2.2021 comunícaselle á Xerencia Territorial do Catastro a iniciación do expediente coa identificación das referencias catastrais obxecto da clasificación.

XIX.- O día 19.2.2021 comunícase a iniciación do expediente ao solicitante, con indicación do prazo para presentar alegacións.

X.- O día 19.2.2021 envíaselle unha comunicación ao Concello de Riotorto da a iniciación do expediente, con indicación do prazo para alegacións. Así mesmo, remíteselle un edicto para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello e nos lugares de costume da parroquia na que radica o monte.

XI.- O día 19.2.2021 comunícase a iniciación do expediente á Asociación de veciños de Augasoxa, por ser titular das parcelas obxecto do expediente.

XII.- O día 22.2.201 comunícase a iniciación do expediente ao Rexistro da Propiedade de Mondoñedo e solicítase a anotación preventiva.

XIII.- O día 3.3.2021 sae publicado o anuncio no DOG, mediante o que se fai público o inicio do expediente de clasificación do monte **Boitirado** así como a apertura dun prazo para presentar alegacións.

XIV.- O día 29.3.2021 ten entrada unha notificación da rexistradora da propiedade de Mondoñedo de suspensión da anotación preventiva.

XIII.- O 31.3.2021 é presentado un escrito de alegacións asinado por Antonio Rodríguez Ramallal e tres persoas máis no que expoñen, en síntese, o seguinte:

- Que as parcelas obxecto de clasificación son propiedade privada, entre os que se atopan os alegantes.
- Que, segundo información facilitada polo Arquivo Histórico Provincial de Lugo, no Catastro de rústica dos anos 50 xa figuraban as parcelas a nome de particulares. Aportan o plano correspondente.
- Respalдан a propiedade coa presentación de escrituras de compravenda e de declaración de herdanza.
- Aportan a publicación no BOP da resolución do 2.3.2012, de aprobación do proxecto de instalación do Parque Eólico de Cadeira no que as parcelas que reclaman figuran con titular "*descoñecido*".

XIV.- O día 5.4.2021 envíaselle unha copia das alegacións aos promotores da clasificación, para que poidan formular as xustificacións ou aclaracións que considere oportunas.

XV.- O día 13.4.2021 ten entrada a xustificación da exposición do anuncio no taboleiro do concello de Riotorto dende o 24.2.2021 ao 9.4.2021.

XVI.- O día 29.4.2021 ten entrada un escrito asinado por Cristina Nogueira López, solicitante da clasificación, no que discute as alegacións e, en síntese, expón as seguintes xustificacións:

- Que as parcelas reclamadas polos alegantes non están inscritas no rexistro da propiedade, polo que os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.
- Que o Libro Real de Legos do Castro do Marqués da Ensenada da parroquia de Muxeira figura o monte *Boitiral* como ben común.
- Que a imprescriptibilidade propia dos montes veciñais en man común debe impedir que este tipo de bens comúns sexan obxecto de prescrición adquisitiva.
- Que as bases definitivas da zona de concentración parcelaria de A Moxoeira, do 23.1.1984, deixaron fóra os terreos obxecto de clasificación por estar dentro da superficie considerada *Monte veciñal de Augasoxa*.
- Que na serie histórica de ortofotos da zona, apréciase que non hai divisións parcelarias. Que o monte Boitiral foi obxecto de aproveitamento gandeiro en extensivo polo conxunto de veciños de Augasoxa. Non se chegou a efectuar nunca unha partición real do





terreo polo que o plano do Catastro Histórico aportado polos alegantes non diferencia a grafía individualizada das parcelas que reclaman.

- Que parte da superficie obxecto de clasificación atopouse incluída dentro do perímetro do consorcio LU-2219.
- Que os alegantes non identifican con claridade o lugar exacto das súas propiedades nin actuaron como propietarios de parcelas no procedemento de concentración parcelaria.
- Que os documentos de compravenda e herdanza aportados son proba insuficiente por distintos motivos que pasa a expor, entre eles, que todos os actos de transmisión da propiedade fanase entre veciños de Augaxosa, -o que reforza a tese dunha partición do monte quer en orixe é veciñal-, que non identifican claramente os terreos sobre os que supostamente reclaman a propiedade, -nin en plano nin por referencias catastrais -, etc...).

XVII.- O día 19.5.2021 comunicaselle ao alcalde de barrio de Augaxosa o dereito á elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz, pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte **Boitirado**.

XVIII.- O día 21.5.2021, ante o Rexistro Xeral do Concello de Riotorto, ten entrada a comunicación do alcalde de barrio de Boitirado na que se identifica aos representantes que asistirán á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte Boitirado. Asistirán: Daniel Neira Uz e Marina López Rodríguez.

XIX.- O presente procedemento quedou suspendido coa aprobación do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que na súa disposición adicional terceira estableceu con carácter xeral a suspensión dos prazos administrativos.

A dita suspensión foi levantada pola Resolución de 20.5.2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, que no punto 10º derroga a disposición anterior e establece a reanudación dos prazos o 1.6.2020.

FUNDAMENTO DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, ou seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.
3. Examinada a documentación do presente expediente, e tendo en conta as alegacións presentadas, realízanse as seguintes consideracións:

1º.- As parcelas catastrais sobre as que se solicita a clasificación veñen identificadas no Catastro Inmobiliario como "*Monte veciñal de Augaxosa*".

Neste senso, hai que ter en conta que o artigo 3.3 do Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario establece: "*Salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos*".

Polo tanto partimos dunha presunción de veracidade da natureza veciñal en man común dos terreos que se pretenden clasificar.





2º.- Ademais do anterior, e segundo documentación achegada ao procedemento pola parte solicitante da clasificación existen outros indicios certos de que os terreos a clasificar teñen esta consideración:

--> Constancia no Catastro del Marqués de la Ensenada (Libro Real de Legos) da existencia do monte común aberto de Boitiral, descrito no apartado correspondente a "Emolumentos del Común" do dito Libro.

--> Constancia nos planos das bases definitivas do procedemento de concentración parcelaria da zona de A Moxoeira, aprobadas o 23/01/1984, da consideración dos terreos a clasificar neste procedemento (que se atopaban no polígono 1 dos planos de bases) como "*monte veciñal en man común de Augaxosa*", e que se excluíron do perímetro a concentrar.

A dita consideración como "*monte veciñal en man común*" dos terreos derivou da fase de **investigación previa sobre a propiedade** dos terreos susceptibles de ser obxecto da concentración parcelaria, e se mantén ao longo do procedemento concentrador, tanto nos planos correspondentes ao acordo como nos que quedaron unidos aos títulos entregados o 01/01/1999.

--> Tamén pode comprobarse a través de ortoimaxes aéreas desde o ano 1956 (voo americano) e sucesivas, ata a actualidade, que os terreos a clasificar non foron obxecto de aproveitamentos individualizados, non observándose divisións físicas neles. Algo que tamén reforza a natureza procomún dos terreos.

3º.- Partindo da presunción de veracidade da identificación catastral das parcelas como "*monte veciñal en man común de Augaxosa*" e o resto de indicios mencionados no punto anterior sobre a dita natureza dos terreos, cabe facer as seguintes consideracións sobre as alegacións e documental presentada por Antonio Rodríguez Ramallal e tres persoas máis:

--> Por unha banda, e no relativo a que existiran parcelas afectadas polos terreos a concentrar que no Catastro Histórico dos anos 50 aparecían como de titularidade particular, cabe sinalar que na ortofoto 9.b que facilitan coas certificacións da propiedade do Catastro Histórico, e que correspondente ao polígono 6, non aparecen reflectidas as fincas concretas sobre as que se pretende xustificar a propiedade, isto é, fincas 508 a 525.

Isto é indicio de que as particións feitas sobre a propiedade non tiveron reflexo de facto, no terreo. E que este conformaba unha propiedade máis extensa e común.

--> Doutro xeito, a documental achegada para xustificar a propiedade de parte dos terreos devén inconsistente ou insuficiente polo seguinte:

➤ Non se entende que os documentos para a xustificación da propiedade sexan de data anterior ao procedemento concentrador da zona de A Moxoeira, e que ninguén dos particulares que agora defende dereitos sobre aquela actuara como propietario ou xustificara a propiedade das parcelas do monte de Boitiral naquel, que finalmente se excluíu do perímetro a concentrar considerando que era un monte veciñal en man común.

➤ Por outra banda, as parcelas ás que fan referencia os documentos achegados refírense a terreos de pouca superficie que non se identifican en plano nin se concreta a súa situación dentro das parcelas a clasificar, nin tan sequera se xustifica que se atopen dentro destas.

➤ Por último, nos documentos achegados non consta xustificación da propiedade dos transmitentes a desta través de actos *inter vivos* ou *mortis causa*, non quedando acreditado tracto sucesivo algún naquela, ou dito doutro xeito, non se indica de que dereito trae causa a propiedade de quen transmite a dita propiedade nos ditos actos.

Deste xeito, debemos recordar que a división e apropiación dun monte veciñal en man común por particulares non é posible, dada a súa natureza imprescritible, inalienable e indivisible, e calquera acto xurídico encamiñado a que isto se produza devén nulo de pleno dereito.

Neste senso, a Xurisprudencia xa deixou sentado que "*la inalienabilidad del monte vecinal en mano común determina la nulidad de cualquier adquisición del mismo por particulares...., sin que ninguna eficacia pueda otorgarse a una inscripción registral frente a la posesión inmemorial y aprovechamiento consuetudinario del monte en mano común por la Comunidad*"





de vecinos en cuestión (sentencias TSJG de fechas de 20/02/2003, 11/11/2009, 12/03/2010, 04/02/2011, 22/02/2001); y (.....)

E a Audiencia Provincial de Lugo en sentenza (núm. 418/2015) ditada o 17/11/2015 afirma que:

<<Se comparte además con la apelada la **insuficiencia de la prueba documental para acreditar la titularidad y el tracto sucesivo de una propiedad privada** de tales fincas, siendo criterio pacífico que **ni títulos prefabricados ad hoc ni escrituras de división de herencia sin más complementos pueden permitir tal conclusión.**

Tampoco puede ser óbice a la conclusión apuntada y ya asumida con acierto por la juzgadora "a quo" ni la inscripción en el Catastro a nombre privado que puede ser instrumento indicativo de una intención de consolidar la propiedad, ni siquiera una inscripción, que ocurre en algún caso, en el Registro de la Propiedad, si todo ello choca con la acreditada titularidad vecinal en mano común...>>.

4º.- Polo tanto, e tras o exposto nos puntos anteriores conclúese que a documental achegada polos que se opoñen á clasificación dos terreos non se pode considerar suficiente ante os numerosos indicios probatorios que levan a concluír que aqueles teñen natureza de monte veciñal en man común.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito, O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man común **RESOLVE:**


CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome: Boitirado
Pertenza: Veciños do lugar de Augaxosa
Parroquia: Muxueira
Concello: Riotorto
Superficie: 16,6 hectáreas

Na seguinte táboa, indícanse as referencias catastrais das parcelas obxecto de clasificación así como das estremeiras:

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
27054B00103011 (parcialmente) 27054B00103076 (parcialmente) 27054B00103075 (parcialmente)	Norte	27027A02601285 (Trabada)
	Leste	27054B00103076 (Trabada) 27054B00103075 (Trabada) 27054B00103011 (Trabada)
	Sur	27048A11200021 27054B00103011 (A Pontenova)
	Oeste	27054B00100036 27054B00100035 27054B00100034 27054B00100031 27054B00100032 27054B00100029 27054B00109004





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servicio de Montes

galicia

Plano de:

Carpeta: 101/2018
Proposta de clasificación do monte veciñal en
man común de Boltirado (Riotorto)

Monte: **Boltirado**

Pertenza **Veciños de Augaxosa**

Superficie **16,6 Ha**

Municipio: **Riotorto**

Escala: 1:10.000

Plano 3. Monte proposto

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89 O xefe de área
Lugo, 13 de setembro de 2019

monte_proposto

Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes